

Na Resolución definitiva onde pon "no período comprendido entre os día 10 e 12 de setembro", debe poner "no período comprendido entre os días 10 e 12 de maio"

Segundo.- Publicar o presente decreto no Tablón de anuncios do Concello e no BOP.

Mándao e asíno o señor alcalde do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Monterroso, 6 de maio de 2016.- O alcalde, Jesús Otero Calvo

R. 1467

O PÁRAMO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Por Decreto de alcaldía de 12 de maio de 2016, aprobouse a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de auxiliares de axuda no fogar.

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán presentar unha instancia segundo o modelo incluído nas bases dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Páramo, na que manifestarán, ademais dos datos persoais, que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo, o prazo rematará o día hábil seguinte.

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello do Páramo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude irá acompañada da documentación prevista nas bases.

As bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo, e na páxina web www.concellodeparamo.es, e o anuncio de publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

O Páramo, 16 de maio de 2016.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz

R. 1468

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente exponse ao público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a Ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Viveiro, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 4 de maio de 2016. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

En Viveiro, a 10 de maio de 2016.- A Alcaldesa, María Loureiro García

R. 1469

XOVE

Anuncio

Tendo sido modificada polo Pleno deste Concello a Base 31ª das de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2.016, por acordo adoptado en sesión celebrada o 18 de abril de 2016, agora elevado a definitivo por Resolución de Alcaldía ao non terse interposto reclamacións no prazo de exposición ao público. Dando cumprimento ao que dispón o artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público o texto definitivo da meritada Base:

"De acordo co disposto no artigo 28.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como o previsto no artigo 15 letra a) do proxecto de Ordenanza de Subvencións do Concello de Xove, asígnanse nominativamente as axudas ás seguintes asociacións para o exercicio 2016, e polo seguintes importes, que en todo caso operan como contía

máxima e terán a consideración de importe certo, de acordo co disposto no artigo 32.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo:

DENOMINACION DO PERCEPTOR E/OU ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	PARTIDA	CONTÍA €
ASPANANE, actividades 2016 (Transporte e actividades de lecer)	231.489	1.200,00
Asociación de mulleres Bolboretas, actividades 2016	231.489	2.000,00
Asociación Enfermo Mental da Mariña, actividades 2016 (Transporte e outras)	231.489	1.200,00
Prestoxove, orquestra de cámara	326.489	22.400,00
A.N.P.A. Ceip, actividades 2016	326.489	3.500,00
Asociación Saíñas, actividades 2016	334.489	15.000,00
Asociación cultural TechnoXove, celebración festa da Xuventude 2016	338.489	12.100,00
Asociación Cultural Deportiva "Xove", actividades deportivas 2016	341.489	21.000,00
A.C.D. Pau da Vella, actividades culturais e deportivas	341.489	3.000,00
U.D. Xove-Lago, tempada 2016	341.489	40.000,00
Clube de Natación Xove, tempada 2016	341.489	20.000,00
Xove Fútbol Sala, liga 2016	341.489	20.000,00
Asociación Amigos Cabaleiros da Medela, feira do cabalo	412.489	2.000,00
Comunidade de Montes Laxamoura, feira de gando de S. Bartolo	412.489	2.000,00

Estas axudas poderán ser compatibles con calquera outra que se poda percibir de administracións públicas ou entes privados, non obstante, o seu importe non poderá ser de tal contía que, ailladamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou de outros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita".

Xove, a 18 de maio de 2016.- O ALCALDE, Demetrio Salgueiro Rapa

R. 1474

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE CUENCA

Anuncio

D/D^a VICTOR BALLESTEROS FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de CUENCA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000093 /2016 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D^a MARIA SANZ GALAN contra la empresa RESCANI VZW, sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

A U T O

Magistrado/a-Juez

Sr/Sra. D/D.^a ALEJANDRO ALAMA PARREÑO

En CUENCA, a nueve de Mayo de dos mil dieciséis.

PARTE DISPOSITIVA

Dispongo: Despachar orden general de ejecución título judicial a favor de la parte ejecutante, MARIA SANZ GALAN, frente a RESCANI VZW, parte ejecutada, , por importe de **642'06** euros en concepto de principal, más otros **99'51** euros que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación.

El presente auto, junto con el decreto que dictará el/la Letrado de la Administración de Justicia, y copia de la demanda ejecutiva, serán notificados simultáneamente a la parte ejecutada, tal y como dispone el artículo 553 de la LEC, quedando la ejecutada apercibida a los efectos mencionados en los razonamientos jurídicos tercero y cuarto de esta resolución, y conforme disponen los artículos 251.2 y 239.3 de la LJS.